

## **11.-AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Tendo en conta a existencia da sección bilingüe na área de ciencias naturais nos cinco primeiros cursos da educación primaria, a avaliación levarase a cabo a través da observación diaria ao longo de todo o curso. Entre as técnicas que se utilizarán para avaliar serán:

- Participación dos alumnos nas actividades individuais e de grupo.
- Pronunciación axeitada do vocabulario aprendido.
- Utilización de “flashcards”.
- Limpeza e corrección das actividades.
- Memorización comprensiva.
- Observación directa.
- Uso de cancións e xogos
- Realización de probas escritas individuais.
- Participación en actividades de aprendizaxe cooperativo.

### **11.1. Procedementos e instrumentos de avaliación**

- Proba de avaliación inicial o principio de curso.
- Proba de avaliación correspondente a cada unidade.
- Seguimento da avaliación continua do alumno.
- Observación do traballo do alumno e análise das súas producións (traballo, caderno, murais).
- Observación do comportamento, esforzo e atención, mediante un caderno de seguimento.

### **11.2. Criterios de cualificación**

Establecerase a seguinte porcentaxe, segundo os diferentes cursos:

<b>Cursos</b>	<b>Instrumentos de avaliación</b>	<b>Pesos</b>	<b>Observacións</b>
Natural Science  1º EP e 2ºEP	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Avaliación inicial o principio de curso para detectar coñecementos previos que o alumno ten e poder traballar a partir destes coñecementos.</li><li>▪ Observación sistemática e incidental.</li><li>▪ Probas orais, escritas e gráficas.</li><li>▪ Análise das producións do alumno (traballo diario, murais, cadernos traballo...)</li><li>▪ Fichas de seguimento.</li></ul>	70%	<u>Consecución</u> de <u>obxectivos</u> e <u>contidos</u> establecidos na programación.
	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Diario de clase.</li><li>▪ Rexistros anecdóticos.</li><li>▪ Cuestionarios abertos, pechados e mixtos.</li><li>▪ Listas de control.</li></ul>	20%	<u>Interese/Esfuerzo</u> : <ul style="list-style-type: none"><li>❑ Valoración do traballo diario.</li><li>❑ Realización dos exercicios.</li><li>❑ Respostas orais.</li><li>❑ Tarefas.</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observacións de condutas en xogos, grupos, debates, saídas.</li> <li>▪ Entrevista individual e grupal.</li> <li>▪ Conversacións, autoavaliacións.</li> </ul>	10%	<u>Hábitos educativos:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Traballo persoal.</li> <li>□ Traballo en grupo.</li> <li>□ Conduta persoal.</li> <li>□ Relacións interpersoais.</li> </ul>
--	---	-----	--

<b>Cursos</b>	<b>Instrumentos de avaliación</b>	<b>Pesos</b>	<b>Observacións</b>
Natural Science 3º EP e 4ºEP	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Avaliación inicial o principio de curso para detectar coñecementos previos que o alumno ten e poder traballar a partir destes coñecementos.</li> <li>▪ Observación sistemática e incidental.</li> <li>▪ Probas orais, escritas e gráficas.</li> <li>▪ Análise das producións do alumno (traballo diario, murais, cadernos traballo...)</li> <li>▪ Fichas de seguimento.</li> </ul>	70%	<u>Consecución</u> de <u>obxectivos</u> e <u>contidos</u> establecidos na programación.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Diario de clase.</li> <li>▪ Rexistros anecdóticos.</li> <li>▪ Cuestionarios abertos, pechados e mixtos.</li> <li>▪ Listas de control.</li> </ul>	20%	<u>Interese/Esfuerzo:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Valoración do traballo diario.</li> <li>□ Realización dos exercicios.</li> <li>□ Respostas orais.</li> <li>□ Tarefas.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observacións de condutas en xogos, grupos, debates, saídas.</li> <li>▪ Entrevista individual e grupal.</li> <li>▪ Conversacións, autoavaliacións.</li> </ul>	10%	<u>Hábitos educativos:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Traballo persoal.</li> <li>□ Traballo en grupo.</li> <li>□ Conduta persoal.</li> <li>□ Relacións interpersoais.</li> </ul>

<b>Cursos</b>	<b>Instrumentos de avaliación</b>	<b>Pesos</b>	<b>Observacións</b>
Natural Science 5º EP e 6ºEP	Actitude, atención e esforzo na realización do traballo diario, tanto na aula como na casa.	40%	O alumno deberá manter unha actitude e unha atención positivas, esforzándose na realización do traballo diario.
	Resolución de exercicios.	20%	Terase en consideración a intencionalidade, destreza e presentación na resolución de exercicios valorando positivamente a busca da información.
	Realización de controis.	30%	Cualificarase a adquisición de coñecementos, valorando o esforzo no estudio.
	Conduta.	10%	Será en todo momento de respecto aos compañeiros e aos profesores.

### **11.3. Criterios de promoción**

O alumno/a accederá ao curso ou etapa seguinte tendo en conta os seguintes criterios:

- Logrou os obxectivos que corresponden ao curso ou á etapa e alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente a consideración á información ou criterio do profesor-titor.
- Considerarase de suma importancia un mínimo grao de consecución das competencias matemática e de comunicación lingüística; sempre tendo en conta as características madurativas e específicas do alumnado e as medidas adoptadas cos mesmos durante o curso

### **12.-ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

Coma neste Centro contamos só con unha aula por curso, atopamos diferentes niveis dentro da mesma clase. Ademais contamos con un número elevado de alumnos estranxeiros que nunca tiveron contacto coa lingua inglesa, e que ou non entenden o castelán por ser de orixe brasileira ou non entenden o galego por vir de países coma Cuba, Arxentina, Chile,...

As medidas de atención a diversidade teñen que tomarse neste caso dentro da propia aula de varios xeitos:

- Adaptando os contidos para que a aprendizaxe sexa progresiva e nos se atopen de golpe con un muro infranqueable.
- Adaptando os exercicios e fichas de modo que podar ter o enunciado no idioma que entendan.
- Facendo exercicios de fichas de reforzo e repaso.

Ademais, adoptaranse organizacións flexibles dentro da aula, practicando estratexias inter e intragrúps, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas. Levarase a cabo RE ben dentro como fora da aula, si así se considera necesario. De igual xeito elaboraranse AC encamiñadas a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (non significativas) e para aqueles casos nos que as diferenzas e as dificultades de aprendizaxe son máis permanentes ou graves (significativas)